

e descubrirás que os
labirintos

non sempre teñen saída.

Ofreceranche armas de
xoguete

e virán con silencios a
enredarte no seu colo:

Aeso, deberás aprender a
chamarlle hipocrisía.

Porque cando a bomba
estoupa

só ti perdes o equilibrio
aínda que eles intenten
que penses o contrario.

Aonda asume a inversión
do movemento

e a expansión prodúcese
cara dentro:

Introspección- destrución.
Serás a periferia porque o
centro gravita noutros ollos
que proxectan o desprezo
contra ti, disfrazado de inocencia;

Lembra, o odio tamén fai
poesía

porque un poema doe

BASES

1.- O poema estará escrito en Lingua Galega e terá un mínimo de TRINTA e un máximo de CEN versos. Admitiranse conxuntos de poemas de temática común, sempre que non excedan dos CEN versos.

2.- Os traballos enviaranse en sobre sen remite e sen indicación algunha referente á personalidade do autor, ó enderezo da Asociación: Rúa Federico Soler, 71, 08940-Cornellá (Barcelona). Noutro sobre pechado figurará no exterior o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará: Nome e apelidos, enderezo, DNI, teléfono e correo electrónico do autor.

3.- Deberán enviarse SETE copias dos poemas, en formato A/4, sen encadernar ou grampar, antes do día 31 de OUTUBRO de 2015.

4.- A A.C.G. Rosalía de Castro nomeará ó Xurado entre personalidades relevantes da creación e da crítica.

5.- Os premios consistirán en:

1º premio: 500 €

2º premio: 300 €

3º premio: 200 €

6.- O veredicto dos premios darase a coñecer nas Xornadas Culturais a celebrar no Outono de 2015. Os premiados deberán facilitar os seus traballos en soporte informático tipo documento Word á organización.

7.- O feito de concursar supón acepta-las resolucións do xurado así como as bases do Certame. Non se devolverán os orixinais.

8.- A entidade convocante resérvase os dereitos de publicación e de tradución dos orixinais gañadores no medio e formato que estime oportuno, sen límite de exemplares nin de edicións, permitindo ao autor calquera outra posible edición posterior baixo acordo e comunicación expresa coa entidade convocante, citando sempre o certame e a entidade.

e queima

e envelena.

Ti, que sabes que no teu ventre tamén
cabem amores-ruína

e folerpas de neve en agosto
e toxos dos coutos dos homes-
infancia.

dos homes-infamia, dos nenos-patera
que tamén cabe a guerra, a guerra, a
gherra...

debúxasme sucia nas rúas polas que
envorcastes o meu sangue;
coa punta do paraugas enxeñas sucos
profundos na terra
por medo a que no chan da miña
dignidade constrúa unha presa.

- Lembra, o poema tamén
percorre os corpos crédulos
porque a verdade doe

e
queima

e solicita.

A bomba estoupou contra min
e coma nos xornais, albargaron
códigos, deturparon intres,

desfixeron amor a golpe de dinamita.

-lémbrome das sardiñas do xeito

e das do arrastre,-

Rompéronme os cristais
e foron caendo en poalla, en grainzo,
en torrencial
hacia dentro, dende dentro...

Hemorraxia interna con
retransmisión puntual,
que alguén remate con esa agonía!

Oderradeiro golpe non foi certoiro.

Recordo que alguén me advertiu
(abro as
ventás, entra unha luz sen primavera.
Gústame
que o sol de outono ilume estas
ruínas)
pero non souben da bomba ata o
estourido.



ORGANIZA

ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA
"ROSALÍA DE CASTRO"

Rúa Federico Soler, 71
08940 Cornellà (Barcelona)
Tel. Oficina: 93 375 11 03
Bar Social: 93 375 79 69
Fax: 93 375 10 95
acgrdecastro@yahoo.es

XUNTANZA DE CATALUNYA

COLABORAN



XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL
DE EMIGRACIÓN



Ajuntament de Cornellà
de Llobregat



Departament de Cultura
Centre de promoció de la Cultura
Popular i Tradicional Catalana



Diputació
Barcelona



Asociación Cultural Galega
Rosalía de Castro

**XXIX CERTAME
DE POESÍA EN
LINGUA GALEGA
"ROSALÍA DE CASTRO"**

ANO 20 15

A ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA
"ROSALÍA DE CASTRO" DE CORNELLÀ (Barcelona)
CONVOCA A XXIX EDICIÓ DO CONCURSO DE
POESÍA EN LINGUA GALEGA
"ROSALÍA DE CASTRO"
DE TEMA LIBRE BAIXO AS SEGUINTES BASES.

PRIMEIRO PREMIO 2014

Miriam Ferradáns
(dB).

Osangue que corre polas rúas
anuncia a intensidade do
impacto.

Despertei nas horas anteriores ao
dioivo,
rocei levemente a túa cara cos meus
dedos
e presentín como alguén
me advertía para a guerra.

- Escoita: cando a bomba
estoupa
os cristais sempre rompen
contra un,
un grito salvaxe esgotará o
atordamento
convidándote á necrose.

Coma un mosaico golpeado,
irás caendo a pezas,
pequenas pero fundamentais
no perfil do teu debuxo